

As Audiencias Provinciais en España teñen a súa orixe na revolución de 1868 e na Constitución do ano seguinte. Momento histórico no que se consagrou de forma definitiva a necesidade de separar a xustiza civil da xustiza penal.

Os lexisladores da época entenderon que para cumprir con este compromiso debía haber un tribunal colexiado en cada partido xudicial. Así o definiron na Lei Orgánica do Poder Xudicial de 1870.

Pero a falta de orzamento fixo imposible a súa creación ata 1882, cando se promulgou a Lei de Axuizamento Criminal. É cando nacen as Audiencias do Criminal propiamente ditas.

Dez anos máis tarde, un Real Decreto estableceu que só debía haber unha Audiencia do Criminal por provincia. Polo tanto, suprimíronse corenta e seis órganos colexiados, todos aqueles que non estaban situados nas capitais de provincia.

Con posterioridade, o Real Decreto do 29 de agosto de 1983 converteu as Salas do Criminal das Audiencias Territoriais en Audiencias Provinciais e estendeu o seu ámbito de competencias sobre os Xulgados de Instrución e os Xulgados de Paz. No ano 1968 as Audiencias Provinciais tiveron ademais competencias en materia civil.